



# COSTA DE OIA

Adela Leiro, Mon Daporta  
febreiro 2019



**Distancia:** 18 km (lineal)

**Dificultade:** baixa

O concello de Oia está situado na costa atlántica do suroeste de Galiza. A costa inclúese no chamado Arco Miniano-duriense, que abrangue desde o Cabo Silleiro ata a desembocadura do Miño. É unha costa rectilínea, con dirección norte-sur, rochosa, baixa e exposta, sen apenas abrigos, na que se aprecia unha ampla rasa de abrasión antigamente mergullada no mar e que emerxeu en épocas xeolóxicas recentes.

Toda a zona é unha importante área de pesca e marisqueo (percebes, lagosta, nécora, polbo...). Desde 2011 hai unha proposta de creación do LIC/ZEC "Costa de Oia", con 2.056,6 ha (475,4 terrestres e 1.581,2 acuáticas), actualmente pendente de aprobación.

O litoral é unha liña case recta de costa rochosa exposta, enfrontada ao Atlántico, duns 17 km de longo (entre o km 22 e o km 39 da estrada PO 552), aparentemente uniforme e monótono.

Unha uniformidade e monotonía que desaparece ao percorrela camiñando xa que imos descubrindo pequenos seos, longos coídos, areais minúsculos e pedras comestas polo sal ou puídas pola auga que sorprenden polas súas formas, o seu tamaño ou o protagonismo que acadan na súa pelexa coas ondas (algúns días máis animadas polo vento ou o mar de fondo) Aproveitando o espazo acondicionado da beira da estrada, os tramos do Camiño Portugués máis achegados á costa, e collendo desvíos e carreiros para ver de preto algúns puntos de interese, facemos do traxecto, que non ten grandes complicacións, unha longa camiñada na que os elementos que imos descubrindo e o espectáculo das ondas, aínda que repetido sempre cambiante, fai entretido e agradable.




Costa de Oia, onde se aprecia a proximidade dos montes ao mar e unha estreita faixa litoral, a antiga rasa de abrasión do océano erguida polos movementos tectónicos.

A **serra da Groba** é unha cadea de montañas de granito de dúas micas que se estende desde a Ría de Baiona ata A Guarda, paralela á costa, cara á que cae bruscamente. O cume máis alto é o Corrubedo, con 597 m.



Nun percorrido pola costa de Oia o que máis chama a atención é o constante bater do mar nas rochas.



## PERCORRIDO (A PÉ)

Comezamos xusto debaixo do faro de **cabo Silleiro**, na **punta das Negras**, e camiñamos cara ao sur, ao pouco chegamos á **enseada do Tato** e, seguindo pola estrada atopamos, no alto, un desvío á **punta Centinela** desde onde temos boas panorámicas do tramo percorrido. Desde ahí podemos volver á estrada ou seguir cara abaixo e adiante polo coído ata atopar un camiño bastante esquecido que nos devolve á vía principal un pouco máis adiante. Seguindo pola beira da estrada logo atopamos unha zona de aparcamento e despois de pasala un cruce polo que temos que baixar para achegarnos á **Pedra Rubia** unha masa rochosa de cor vermella que merece unha visita. Volvemos á estrada polo camiño de ida e xa nos atopamos á altura do parque de campismo do Muiño por debaixo do que se atopa un dos poucos areais de todo o percorrido, para velo temos que deixar a estrada e seguir dereito para poder baixar a el pasado o recinto do parque, desde onde vemos tamén o **con Cagado** e a súa enseada. Incorporámonos á estrada para deixala case de seguido e seguir camiñando preto do mar só un anaco para ir saír de novo a ela no **porto de Mougás**. Logo pasaremos ao pé do **porto de Sanín** e pouco despois pola desembocadura do **rego de Viladesuso** no **Serrallo**. Máis adiante, a altura dos hotéis temos unha rúa que nos leva ao pé dun coído recollido nun pequeno seo, no **Anguido**. Na seguinte curva temos a **punta Orelluda** e os seus dous illotes nos que escachan con forza as ondas, e o desvío para acercarse a ela. Volvendo á estrada collemos o primeiro desvío polo camiño Portugués que nos leva preto da costa ata o **mosteiro**, a **praia** e o **porto de Oia**. Cruzamos a localidade pola rúa máis achegada ao mar, que non vai pola beira, e no punto onde remata a liña das casas, fixéndonos, temos un carreiro que baixa ao abrigo do **Redondeliño** e máis adiante un camiño que nos leva ao **Redondelo**, outro abrigo máis grande. Pouco despois volvemos saír á estrada pola que seguimos ata outra zona de aparcamento desde a que temos debaixo o porto da Fonte das Mañas e un camiño para seguir por fóra da estrada 1 km. Cando chegamos a outra área de aparcamento temos en fronte a **pena Agoeira** á que podemos achegarnos desde o cruce que hai máis adiante. De volta na estrada atopamos outro desvío polo que camiñamos os últimos metros no concello de Oia que remata no punto no que o camiño volve á estrada. Desde a punta Orelluda a estrada vai gañando altura, o terreo é máis encosto os desniveis son máis grandes e é máis difícil atopar camiños preto do mar, só algunha baixada puntual se hai edificacións preto.



Ao longo de toda a súa extensión esta costa presenta un aspecto áspero e descarnado, no que os areais son escasos e pequenos. Pola contra abundan os coídos formados por bolos graníticos de diferentes tamaños.



Punta da Negras



Enseada do Tato



Punta do Castro



A costa de Oia nas proximidades do camping de Mougás



Punta Centinela



Vistas desde a punta Centinela



Punta da Pedra Rubia



O Cagado



Punta de Mougás




O río Mougás fórmase con varios regos que nacen na serra da Groba e desemboca preto de Mougás. No verán acusa moito a seca.



Porto e rego de Mougás




Porto Sanín (Viladesuso)



A falta de protección contra a forza do mar impide a existencia de grandes embarcacións, polo que ao longo da costa só imos a atopar gamelas e outras embarcacións de pequeno tamaño que se sacan á terra despois das faenas.




Rego de Viladesuso ou Broi. nace na Serra da Groba e baixa por unha forte pendente entre bolos graníticos formando rápidos, fervezas e pozas. No verán vai case seco.



O Serrallo



O Anguido



Punta e illotes Orelludas



Entre a punta Orelluda e Vilar



Porto Canela



Porto de Ribasalta



Porto de Ribasalta




Rego do Vilar



13-Praia e porto de OIA

O Arrabaldo e o Mosteiro de Oia. Este mosteiro, fundado no século XII, foi o único de España que tivo monxes guerreiros, encargados de manexar as baterías de canóns que se empregaban na defensa da costa. "Os monxes, ademais de rezar e de traballar a horta, estudaban pólvora e canóns pola "Pirotécnica" de Birmigucho, que a tiñan na súa biblioteca. No século XVI, disparando por tabla, puxeron en fuga unha flota pirata arxelina." Álvaro Cunqueiro




Praia e porto de OIA



Oia desde o miradoiro das Penisas.  
No concello de Oia hai numerosos miradoiros



O Redondeliño



O Redondelo



Porto da Fonte das Mañas



Porto da Fonte das Mañas



Punta Langosteiro






Pena Agoeira




Rego dos Corvos



Costa entre o Rego dos Corvos e o rego de Soutiño

Coído na desembocadura do rego do Soutiño



Os percebes, que precisam de augas limpas e batidas, atopan nesta costa lugares axeitados para o seu desenvolvemento.

Percebeiros